



1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Cal das seguintes NON é unha prestación sanitaria do Sistema Público de Saúde de Galicia:

- A) A saúde pública, de atención primaria, de atención hospitalaria.
- B) A atención de urxencias e a atención farmacéutica.
- C) A atención ortoprotésica, de produtos dietéticos e de transporte sanitario.
- D) As actividades ou servizos que sexan prestados con recursos non públicos.

2. Segundo o Estatuto Marco, o tempo de traballo correspondente á xornada ordinaria non excederá de:

- A) 10 horas.
- B) 14 horas.
- C) 12 horas ininterrompidas.
- D) 14 horas ininterrompidas.

3. Con respecto á historia clínica, a Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica, establece que:

- A) O soporte documental da historia clínica debe garantir a súa autenticidade, integridade, seguridade e conservación.
- B) Os datos de ordes médicas non forman parte da historia clínica.
- C) Deberá ser única por paciente, polo menos en cada servizo de saúde.
- D) O paciente ten dereito de acceso á documentación da historia clínica aínda que non a obter copia dos datos que figuran na mesma.

4. Segundo o artigo 11 do Estatuto de Autonomía de Galicia, o Parlamento:

- A) É o órgano colexiado de goberno de Galicia.
- B) Será elixido por un prazo de catro anos, de acordo cun sistema de representación maioritaria.
- C) O número de parlamentarios será 85.
- D) Está constituído por Deputados elixidos por sufraxio universal, igual, libre, directo e secreto.

5. Segundo a Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais, a posibilidade de que un traballador sufra un determinado dano derivado do traballo é:

- A) Unha condición do posto de traballo.
- B) Un risco laboral grave e inminente.
- C) Un risco laboral.
- D) Un incumprimento da acción preventiva que é responsabilidade do servizo de prevención.

6. Segundo o Decreto 206/2005 de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, os procesos de selección, mobilidade e promoción interna que se convoquen abarcarán como mínimo con carácter xeral o ámbito de cobertura territorial de:

- A) Comunidade Autónoma.
- B) Zona sanitaria.
- C) Área sanitaria.
- D) Distrito sanitario.

7. Cal dos seguintes dereitos está recoñecido na Constitución Española como un principio reitor da política social e económica:

- A) O dereito de petición individual e colectivo.
- B) O dereito a sindicarse libremente.
- C) O dereito á saúde.
- D) O dereito á educación.

8. A retribución complementaria que se abona en función do nivel do posto que se desempeña é:

- A) Complemento de produtividade.
- B) Complemento de carreira.
- C) Complemento de destino.
- D) Complemento específico.

9. É unha competencia sanitaria que corresponde á Administración estatal:

- A) O control sanitario do medio ambiente.
- B) A regulamentación, autorización e rexistro ou homologación, segundo proceda, dos medicamentos de uso humano e veterinario.
- C) A provisión directa de servizos sanitarios.
- D) Control sanitario da distribución e subministración de alimentos, bebidas e demais produtos relacionados co uso ou consumo humano.

10. A convocatoria dun proceso de selección fixa que se publique no Diario Oficial de Galicia deberá prever:

- A) Lugar de realización dos exercicios da fase de oposición.
- B) Contido das probas de selección, baremos e programas aplicables ás mesmas, así como o sistema de cualificación.
- C) Composición do tribunal de cualificación.
- D) A relación por localidade e institución sanitaria das prazas ofertadas aos aspirantes seleccionados.

Preguntas de reserva

1. O presidente da Xunta de Galicia:

- A) Será elixido polos Conselleiros da Xunta.
- B) Ostenta a representación do Estado en Galicia.
- C) Será nomeado polo Rei.
- D) Pode interpoñer recursos de inconstitucionalidade.

2. Os aspirantes nomeados nun proceso selectivo convocado mediante concurso–oposición deberán tomar posesión no prazo de desde o día seguinte ao da publicación da resolución no Diario Oficial de Galicia:

- A) 1 mes.
- B) 15 días.
- C) 15 días hábiles.
- D) 10 días hábiles.